

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Téc. Aux. Xuventude e Sol. (PATRICIA LESTA ZAS) a las 14:28 del día 26/09/2025, J. Departamento de Participación y Juventud (CRISTINA MARIA VARA VAZQUEZ) a las 14:33 del día 26/09/2025 y por Concellería responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA MARIA CANOSA DOMINGUEZ) a las 14:45 del día 26/09/2025. Mediante el código de verificación 4A435D2B3M0M07240Q8W puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

Área / Unidade PARTICIPACION CIUDADANA PC1100 PLZ	Documento 23819I01WN	
Código de verificación  4A43 5D2B 3M0M 0724 0Q8W	Expediente 238/2025/282	
	Fecha 26-09-2025	

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA 2025 / 2026 DO PROGRAMA EDUCATIVO "ANTENAS DE INFORMACION XUVENIL"

QUE SON AS ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL?

O Departamento de Mocidade do Concello da Coruña, a través dos Espazos Municipais de Información Xuvenil, sitúan en centros públicos e tamén en centros concertados con ESO e bacharelato da cidade, unha rede de pequenas sucursais informativas durante o curso escolar. Participan neste programa de dinamización e difusión da información IES, CFP, a Escola Oficial de Idiomas, a Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e o Conservatorio Profesional de Música, entre outros.

Estes pequenos puntos de información, coñecidos coma Antenas de Información Xuvenil, conectan os Espazos de Información Xuvenil do concello coa mocidade ao achegarse aos centros educativos a través dun programa de "difusión da información entre iguais".

Cada Antena de Información comprende:

Un espazo físico no centro desde no que se difundirá información de interese xuvenil proporcionada semanalmente polos Espazos Municipais de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Canles dixitais de interese xuvenil

E, o máis importante: unha persoa ou un grupo de persoas, as/os antenas

OBXECTO

O Concello da Coruña, a través da Concellaría da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade convoca o programa educativo de "Antenas de Información Xuvenil (AIX)", coa intención de crear pequenas sucursais dos Espazos Municipais de Información Xuvenil en centros educativos da cidade.

FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA

O funcionamento do Programa está baseado na participación de tres elementos fundamentais:

Centros Educativos

- Asinarán un acordo de incorporación ao Programa de Antenas de Información Xuvenil



Concello da Coruña

- Habilitarán os espazos e recursos do centro que consideren de interese para o proxecto
- Designarán un/unha titor/a responsable para o apoio da/s Antena/s no centro e para a interlocución cos Espazos de Información Xuvenil

Espazos de Información Xuvenil:

- Proporcionarán semanalmente información de interese para o mantemento dos puntos informativos e soportes dixitais das Antenas.
- Asesorarán nas súas tarefas a Antenas e titoras/es responsables en cada centro.
- Farán seguemento do proxecto durante todas as fases do seu desenvolvemento.

Antenas de Información Xuvenil:

- Manterán actualizado semanalmente o espazo informativo e as canles dixitais de información.
- Estarán en comunicación permanente coa coordinación do Programa e o/a titor/a no centro educativo.
- Cumplirán co resto de compromisos adquiridos ao incorporarse ao programa.
- A edición 2025-2026 do Programa de Antenas de Información Xuvenil estará comprendida entre os meses de novembro de 2025 e maio de 2026.

REQUISITOS PARA SER UNHA ANTENA DE INFORMACIÓN XUVENIL

O alumnado interesado en participar no Programa de Antenas de información xuvenil deberá:

- Ter un mínimo de 15 anos e un máximo de 25 anos, cumpridos a 31 de decembro de 2025.
- Estar matriculado nun centro público (IES, CIFP, Escola Oficial de Idiomas, Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e Conservatorio Profesional de Música), ou nun centro concertado con ESO e Bacharelato da cidade que teña asinado un acordo de incorporación ao Programa de Antenas de Información Xuvenil
- Presentar unha candidatura individual ou conxunta, neste caso será de ata dúas persoas por centro.
- Ter dispoñibilidade para dedicar o tempo suficiente para desenvolver as funcións de Antena e cumprir cos compromisos do Programa
- Non poderán presentarse quenes tiveran exercido como Antena un máximo de tres cursos e aquelas persoas que tiveran exercido como Antena e demostraran incumprimento dos compromisos que implica a participación no Programa.
- Se a persoa solicitante é menor de idade, deberá presentar un permiso da nai, pai ou quen exerza a tutoría legal autorizando a participación no Programa.



FUNCIÓNS

- As funcións das Antenas de Información Xuvenil serán as que seguen:
- Estar en comunicación permanente cos Espazos de Información Xuvenil Manter o espazo informativo e as canles dixitais de información actualizadas semanalmente, de forma ordenado e atraente.
- Difundir información de interese xuvenil a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiras/os de centro educativo, etc...
- Animar as/os compañeiras/os a participar da información e achegar inquiredanzas, intereses, ideas ou suxestións.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- A documentación a presentar por cada persoa que solicita ser Antena é a que segue:
- Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
- Unha copia do DNI, NIE ou documento acreditativo da identidade.
- Autorización asinada para menores de idade acompañada da copia do DNI da persoa, responsable legal, que asina a autorización.
- Proxecto

COMO SON AS PROPOSTAS A PRESENTAR?

Unha das ferramentas para valorar as solicitudes presentadas e ver como podería ser o primeiro enfoque de cada posible Antena é o proxecto que acompaña á solicitude. Este tería que incluír os seguintes puntos:

- Presentación de quen presenta (nome/s e curso, gustos e intereses, participación noutros proxectos do centro)
- Expectativas e intereses respecto ao programa Antenas de Información Xuvenil. Ideas e propostas de como dinamizar a información no teu centro.
- A adecuación ao centro, a orixinalidade e viabilidade do proxecto.
- Unha vez realizada a selección, serán os Espazos de Información Xuvenil os que compartan coas Antenas seleccionadas, ao inicio do programa, unha pequena proposta de dinamización da información na que tamén se abordará:
- A xestión dos espazos de información xuvenil dos centros educativos.
- A difusión da información xuvenil: ferramentas para a dinamización da información en centros.
- A información virtual: proposta de difusión a través das canles dixitais



PRAZOS

A convocatoria para o curso académico 2025/2026 publicarase na web dos Espazos de Información Xuvenil: **www.coruna.gal/informacionxuvenil** xunto co formulario de solicitude e a información sobre o programa.

As solicitudes, xunto coa documentación requirida, deberán remitirse ao enderezo electrónico **cmix@coruna.gal** do **26 de setembro ao 12 de outubro**, ambos incluídos.

- Prazo de solicitude: 26 de setembro ao 12 de outubro
- Publicación da listaxe provisional de solicitudes: 14 de outubro
- Prazo de subsanación: 14 ao 23 de outubro ás 14.00 h
- Publicación da listaxe definitiva de solicitudes: 28 de outubro
- Reunión da comisión de valoración de solicitudes: 29 outubro
- Publicación da Resolución co nomeamento de Antenas: a partir do 30 de outubro

A SELECCIÓN DE ANTENAS EN CADA CENTRO

A) A COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Concellaría da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade designará unha comisión de selección do programa de Antenas de Información Xuvenil, constituída por:

- A xefa de departamento de Participación e Xuventude, ou a persoa en quen delegue.
- A animadora sociocultural de Xuventude, ou a persoa en quen delegue
- Persoal técnico dos Espazos Municipais de Información Xuvenil

B) OS CRITERIOS DE SELECCIÓN

No caso de existir máis dunha candidatura por centro educativo, a comisión de selección terá en conta os seguintes criterios á hora de valorar as candidaturas para Antena:

- Ter sido "Antena" en edicións anteriores con boa valoración (50 puntos).
- Estar estudando en cursos que faciliten a continuidade no centro educativo o próximo curso (10 puntos).
- Pertenza a algunha asociación (10 puntos).
- Valoración da proposta: viabilidade, orixinalidade e adecuación á realidade (ata 30 puntos).

En caso de empate os criterios de desempate a ter en conta serán, por orde, os seguintes:

- Ter participado como "Antena" en edicións anteriores e ter unha boa valoración do traballo feito.
- Estar estudando en cursos que faciliten a continuidade no centro educativo o próximo curso e número de cursos que levan no centro.
- Pertenza das persoas candidatas a algunha asociación



PROXECTOS DE NATUREZA SINGULAR

De forma excepcional, poderán presentar un proxecto de aula aqueles centros de ensino do Concello da Coruña que xustifiquen que xa existan proxectos de información e dinamización da información xuvenil no centro, ou que o proxecto que se presente sexa un proxecto de centro no que colaboren máis de 2 persoas e que a persoa titular do mesmo sexa un ou unha docente.

No caso incorporarse proxectos que reúnan as características anteriores, a compensación económica pola participación no programa recaerá no centro educativo e será a mesma que a concedida a un proxecto de antenas tradicional.

Nestes casos a documentación a presentar polo docente ou persoa responsable do proxecto será:

- Listaxe do alumnado participante no proxecto, recollendo como mínimo os seguintes datos: nome e apelidos, DNI/NIE/Pasaporte, estudos e curso.
- Resumo do proxecto de natureza singular proposto para o centro:
 - Obxetivos
 - Planificación e organización temporal.
 - Tarefas a realizar e distribución entre o grupo de participantes.
 - Medios de difusión e dinamización da información: taboleiro de anuncios, redes sociais, webs, blogs, listas de distribución, redes...
 - Espazos, recursos e servizos aportados polo centro para o desenvolvemento do proxecto.
 - Outros datos que considere de interese

Cando nun mesmo centro se presenten á convocatoria un proxecto de natureza singular xunto con candidaturas de antenas individuais ou conxuntas, na selección terán preferencia os proxectos de natureza singular.

COMPROMISOS DAS ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL

A incorporación ao programa de Antenas de Información xuvenil do Concello da Coruña supón adquirir os seguintes compromisos:

- Asistir ás accións formativas e reunións de coordinación que se convoquen.
- Establecer un acordo de incorporación para o desenvolvemento deste programa
- Estar en comunicación permanente cos Espazos de Información Xuvenil
- Manter o espazo informativo e as canles dixitais de información actualizadas semanalmente, de forma ordenado e atraente.
- Difundir información de interese xuvenil a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiras/os de centro educativo, etc...
- Animar as/os compañeiras/os a participar da información e achegar inquiredanzas, intereses, ideas ou suxestións.
- Manter en bo estado o material ou ferramentas cedidas polo Concello ou a empresa adxudicataria.



CONTRAPRESTACIÓNS

A persoa con función de Antena obterá as seguintes contraprestacións:

- Recibir formación en materia de información xuvenil: dinamización da información, xestión de redes sociais, etc.
- Solicitar gratuitamente o carné internacional de estudante
- Obter un certificado que acredite a súa participación no programa
- Recibir entradas a eventos organizados ou programados polo Concello da Coruña (concertos, deportes, cine, teatro, etc...).
- Compensación económica de 100,00 euros brutos por colaboración educativa sendo efectuada unha vez rematado o proxecto anual. No caso de causar baixa antes da finalización do proxecto en curso non terá dereito a recibir compensación ningunha.
 - A compensación asignada é por proxecto de antena, polo que no suposto de que existan 2 persoas no proxecto, a compensación económica sería de 50,00 € para cada unha delas)

EQUIPOS E RECURSOS

Todos os proxectos de Antenas terán a súa disposición unha tablet con conexión wifi para poder recibir e distribuír a información en formato dixital. A cesión deste equipo estará vinculada á permanencia no proxecto e á duración anual do mesmo. Unha vez rematada a relación ou proxecto anual, o equipo deberá ser entregado nas instalacións municipais.

Ademais disto, habilitarase un email específico restrinxido ao uso do proxecto no que se recibirán as notificacións.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento

A técnica de Xuventude

Patricia Lesta Zas

A xefa de departamento de Participación e Xuventude

Cristina Vara Vázquez

A concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade

Nereida Canosa Domínguez